



ACTA DO XURADO POLO QUE SE EVALÚAN OS TRABALLOS PRESENTADOS Á CONVOCATORIA DOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELO 2019

Na Sala de Reunións da planta baixa do Edificio Administrativo do Concello de Pontevedra (Rúa Michelena 30), sendo ás 19.00 horas do día 28 de outubro de 2019, reúnese o Xurado para a avaliación dos traballos presentados á convocatoria dos Premios Ernestina Otero Sestelo 2019, estando integrado dito xurado polas seguintes persoas:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra: Rosa María Campos Briones
 - Representantes do Concello de Pontevedra: Paloma Castro Rey, Iván Puentes Rivera, Vanesa Estévez Baquero e Mercedes Melero Adrio
 - Representantes do ámbito educativo: Manuel Puga Pereira, Luisa Márquez Rodríguez, Montserrat García-Lastra Merino e Angel Manuel Gómez García
- co seguinte e **único punto da orde do día**

Conceder os Premios Ernestina Otero Sestelo 2019, para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros educativos do Concello de Pontevedra.

Catro foron os traballos recepcionados nas dependencias municipais.

Segundo as bases reguladoras da convocatoria concederanse dous premios nas dúas categorías propostas, cunha dotación económica de 900€ e 500€ respectivamente, podendo ser declarados desertos no caso de non atoparse a calidade suficiente para outorgalos. Ademais, o apartado Terceiro das bases reguladoras da convocatoria establecen que, con carácter excepcional e por acordo motivado, o Xurado poderá acordar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto de centros premiados.

Unha vez debatido o contido dos traballos ACÓRDASE por unanimidade do Xurado conceder os premios as seguintes candidaturas:

Categoría A: Educación infantil e primaria.

Primeiro premio: Por loitar contra os estereotipos de xénero que se marcan desde as idades máis temperás a través de aspectos achegados á nosa realidade, dotando ao alumnado de ferramentas para enfrontarse aos estereotipos e acadando resultados satisfactorios; e por dar a coñecer e poñer en valor as figuras de moitas pioneiras da nosa cidade así como de diferentes científicas e os seus descubrimentos e investigacións, visibilizando referentes femininos nuns campos nos que, dentro do ensino regulado, practicamente non aparecen, concédese o primeiro premio ao proxecto “Unha mirada lila dende as pioneiras pontevedresas ata as descoñecidas científicas” do CEIP San Martiño.

Segundo premio: DESERTO.

Categoría B: Educación secundaria e postobrigatoria non universitaria.

Primeiro premio: Por ser un proxecto que parte da necesidade de identificar actitudes e realidades discriminatorias incidindo na necesidade da revisión e cambio activo das nosas con-

dutas cotiás baixo o filtro da igualdade e do respecto e por facer un traballo de reflexión profunda sobre sexualidade e liberdade no marco patriarcal e análise crítica da prostitución e da pornografía, concédese o primeiro premio ao proxecto “ Reseteando desde a educación” do IES Luis Seoane.

Segundo premio: Pola implicación e participación activa de todo o alumnado da ESO nas distintas tarefas do proxecto e pola súa permanencia ao longo do curso, pola difusión pública a través da web e das redes sociais do produto educativo final, e polo traballo realizado a prol da desmitificación do amor romántico, concédese o segundo premio ao proxecto “Radio PonteLila – A radio da igualdade” do CPR Calasancio.

O Xurado acorda por unanimidade, en virtude do apartado Terceiro das bases reguladoras da convocatoria, a redistribución da contía do premio declarado deserto correspondente ao segundo premio da Categoría A, de Educación infantil e primaria, cunha dotación económica de 500€ entre o resto de centros premiados do seguinte xeito:

- 300€ para o CEIP San Martiño polo traballo desenvolvido no centro en todas as etapas educativas e pola implicación do profesorado, especialmente do de Educación Infantil, na posta en práctica de actividades novedosas no ámbito científico a través das que se fai visible a oportunidade de traballar a igualdade dun xeito transversal. Recibirá en concepto de 1º premio da categoría A un total de 1.200€.
- 100€ para cada un dos outros Centros de Educación Secundaria que obtiveron premio no Certame, o IES Luis Seoane e o CPR Calasancio polo seu traballo continuado ao longo do tempo no eido da igualdade. Recibirán en concepto de 1º e 2º premio da categoría B un total de 1.000€ e 600€, respectivamente.

O xurado quere facer constar expresamente o seu recoñecemento e agradecemento ao gran traballo levado a cabo por todos os centros participantes nesta convocatoria.

A concelleira de Igualdade, Paloma Castro, informa ao xurado de que o acto de entrega dos premios celebraráse o xoves 14 de novembro ás 11.30 horas no Teatro Principal.

E non sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado o mesmo ás 19.45 horas, no lugar e data subliñados, en Pontevedra a 28 de outubro de 2019.

A Directora do CIM

Rosa María Campos Briones

Paloma Castro Rey

Iván Puentes Rivera

Vanesa Estévez Baquero

Mercedes Melero Adrio

Manuel Puga Pereira

Luisa Márquez Rodríguez

Montserrat García-Lastra Merino

Angel Manuel Gómez García